


LIBROS RECOMENDADOS




CAPTANDO GENOMAS. Una teoría sobre el origen de las especies. Lynn Margulis & Dorion Sagan. Editorial Kairós. 2003.

Neste libro innovador dase resposta á clave evolutiva que Darwin non puido desentrañar: a orixe da variación herdada sobre a que o mecanismo da selección fai arrincar o proceso evolutivo. A tese dos autores é que a importancia da mutación aleatoria (que durante moito tempo se mantivo dogmáticamente como fonte principal da variación xenética) é secundaria fronte á adquisición de xenomas mediante fusión simbiótica.

ACABO DE LLEGAR. El final de un principio en historia natural. Stephen Jay Gould. Crítica. 2003.

Obra póstuma deste prestixioso científico e excelso divulgador da Bioloxía. Este libro é a última entrega do recopilatorio dos arredor de trescentos artigos que o autor publicou en *Natural History*, a través dos cales soubo comunicar a un vasto público de diferentes graos de formación científica e intereses intelectuais os avances das ciencias da natureza. Nesta obra poderanse atopar reflexadas, do xeito máis ameno e fluído concebibles historias que relatan desde o dinosaurio con alas ata o descubrimento da sífilis, pasando pola recepción do darwinismo en figuras como Sigmund Freud.



ADN. El secreto de la vida. James D. Watson & Andrew Berry. Santillana. Ediciones Generales. 2003.

Da horta de Mendel á secuenciación do xenoma humano, pasando pola dobre hélice, este libro recolle o primeiro relato completo da revolución xenética da man dunha autoridade única na materia. O autor ofrece explicacións sinxelas e claras dos máis variados procesos moleculares, así como das tecnoloxías emerxentes: a manipulación xenética de especies vexetais con interese comercial, as

complexidades da secuenciación do xenoma humano e o seu impacto futuro no control de patoloxías hereditarias, a terapia xénica ou a aplicación da xenética molecular á medicina forense e paleontoloxía, son só algúns dos asuntos que poden atoparse desenvolto con igual apaixonamento que brillantez expositiva.

Un libro para enamorados da bioloxía molecular, escrito por un profundo enamorado da bioloxía molecular e da ciencia experimental.

Emilio Gil Martín